


FEMINISMO

XIV Encontro Feminista de América Latina e Caribe. Uruguai, unha viaxe á utopía feminista

Agustina Daguerre — Entrepobos Perú



Reunión plenaria da EFLAC

Día 1

Ao atravesar a porta da Rural del Prado puiden comprobar que a utopía feminista tomara a forma dunha pequena vila de apenas catro rúas. Unha gran avenida principal cortada por algunhas paralelas, nas que se sucedían pavillóns e pequenos módulos de oficinas, cada un deles bautizado con diferentes nomes das grandes, as nais e avoas feministas que ao longo da historia foron fraguando e dando forma ao feminismo latinoamericano. Dende a escalinata poden sentir o bulicio das conversacións das máis de 2000 mulleres chegadas de distintos lugares do continente.

A paso lixeiro diríxome ao pavillón Berta Cáceres, o espazo que acolle as discusións do eixo 7: Guerras e Resistencia: Expulsións, Terra e Territorios que, xunto con outros nove máis, conforma a proposta programática do encontro. Activistas feministas, defensoras de dereitos humanos, líderes indíxenas e campesiñas de territorios afectados por actividades extractivas de diverso tipo analizan o contexto e os retos que abordan dende

os seus diferentes países. Son corpos enraizados en territorios que se pensan, sinten e soñan alternativas, son aquelas que plantan cara ao avance da locomotora “desarrollista” que fustriga, fire e criminaliza a diferenza. As gardiás da palabra, o silencio e a memoria, acompañan e axudan a ordenar e rexistrar a arañeira de ideas tecidas entre todas. Os testemuños de todas elas descubren a cara real dun desenvolvemento que, lonxe de cumprir coas promesas de acabar coa pobreza, vén a arrasar, atropelar e facer aínda máis vulnerables as súas vidas.

Pola tarde máis de 70 propostas de talleres autoxestionados celébranse en paralelo. Opto por un promovido por organizacións de barrios de Arxentina: Os nosos corpos, os nosos barrios, os nosos territorios. Construindo perspectivas feministas de e dende os debates sobre o dereito á cidade. Alí unhas 40 mulleres contestamos a pregunta de arranque: “Son feminista no barrio porque...” As respostas de cada unha deseñan un mapados nosos medos e esperan-



Manifestación da EFLAC polo 25N

zas comúns. Alguén di: “Son feminista no barrio porque é no barrio onde tamén nos matan”, “porque quero camiñar libre pola noite”, “porque son feminista en todas partes”. En grupos convidánnos a pensar como sería unha cidade feminista, como serían as súas rúas? Quen e como xestionaría os servizos? Como sería a educación? E así seguimos soñando alternativas dende diferentes miradas, a institucional atópase coa anarquista, a indíxena coa lesbiana urbana, a brasileira coa sueca-peruana. Somos un animal colectivo que se olfactea, recoñece e interpela. Somos diversidade pura interseccionando as nosas realidades e miradas.

Día 2

Na asemblea do eixo 7 os debates continúan pensando primeiro nas fendas do sistema. Que oportunidades temos para transformar as nosas realidades? E despois analizando as nosas estratexias de loita: que e como facemos para poñer freo á barbarie extractivista que ningunea os plans de vida dos nosos pobos? Outra compañeira negra brasileira formula en portuñol a necesidade de pensármonos como movemento e de “des-xerarquizar e valorizar o coñecemento popular como forma de empoderamento dentro dos feminismos”, outras lémbrennos a importancia do coidado nestas batallas de longo percorrido que nos desgastan e enferman.

O ritmo frenético de actividades continúa, miro de novo o programa e, cando xa me teño decidido por outro espazo reflexivo, atópome cun mar de mulleres bailando waacking, unha danza urbana creada nos 70 por colectivos LGBTI. Impulsada pola famosísima frase de Emma Goldman “se non podo bailar non é a miña revolución, súmome á festa. Nany Guerrero, do colec-

tivo mexicano As Fillas do Rap, convidánnos a rirnos e a abrazar a nosa torpeza inicial, a deixarnos levar e conectar cos nosos corpos. A mente cala por un tempo e o corpo, ese gran nomeado en todos os espazos, consegue falar por fin.

Día 3

É o día do gran pleno, a asemblea de asembleas, aquela na que todas as conclusións de todos os eixos teñen o seu lugar. Un grupo sucede a outro no escenario, hai moito balbordo, o audio é malo, os discursos frágantense. escoito a Claudia Korol en representación do eixo “Os nomes dos feminismos” clamando “somos un movemento plural, anticolonial, anticapitalista, antirracista” e penso que eses adxectivos recollen moi ben o que nos gustaría que fosen os nosos feminismos, pero como potenciar agora as nosas accións cotiás para revolucionar as rúas, as comunidades, as casas, as camas? En definitiva, como facemos que as transformacións das nosas relacións deixen de soste as estruturas de dominación e opresión?

Pola tarde Montevideo tinguéuse de verde e morado, centos de mulleres camiñan dende a explanada da Universidade ata a Praza da Intendencia, todo pasa moi rápido, a marcha é moi curta, demasiado, o mitin tamén. A voz de Minou Tavarez Mirabal, filla e sobriña das irmás Mirabal, retumba na praza preguntando ata cando imos tolerar estas formas de extrema crueldade, de tortura contra os corpos e vidas das mulleres. Á calor dos corpos, mentres ocupamos o espazo público, termina de cobrar sentido a frase que compartiu con nós unha muller brasileira no eixo 7: “As mulleres somos como a auga, medramos cando estamos xuntas.” ■